


# COSTA DE MUXÍA DE PUNTA MOREIRA A NEMIÑA

Adela Leiro, Mon Daporta  
xuño 2020



**Distancia:** 16 km (lineal)  
**Dificultade:** media

O concello de Muxía abrangue un amplo espazo de costa desde o fondo da ría de Camariñas ata a ría de Lires. Ten no seu litoral dúas caras diferentes á do interior da ría menos elevada, pero igual de recortada, con paredes rochosas e coídos, e numerosos seos e desembocaduras de regatos nos que se acumula a area que forma grandes praias, e o litoral exterior exposto, de altas pendentes, e sen apenas abrigos. Acolle un importante patrimonio natural protexidos nos LIC/ZEC e ZEPA "Costa da Morte".

## PERCORRIDO

Sáímos da **praia de Moreira** e ao pé temos a **punta de Moreira** á que é posible ir desde a praia pola beira do cantil por carreiros case invisibles, para percorrela, botar a vista atrás para ter unha visión de fronte das verticais da ribeira do Viseo e da costa das Cabras, e ver para adiante o seo dos Forniños e Touriñán, pero non se pode ir máis alá, impídeno os toxos e o releve, polo que hai que volver ao camiño para subir ata dar no camiño dos faros polo que continuamos ata chegar ás proximidades da **punta Finxil**, onde volvemos a deixalo para irmos polos carreiros da beira ata saír na estrada no istmo do **cabo Touriñán**.

.....



Praia de Nemiña



””””  
No istmo do **cabo Touriñán**, despois de camiñar uns 600 m pola beira da estrada, na curva, deixámola para ir polo camiño que atopamos á dereita, e un pouco máis adiante deixamos o camiño para volver aos carreiros, que se van descubrindo con cada paso, da beira dos cantís desde os que imos vendo como, dunha punta á outra, gañan altura e espectacularidade, temos de fronte a **pedra das Redes**, máis adiante chegamos ao **Cociñadoiro**. Entre o Cociñadoiro e a punta Gaivoteira hai un par de seos con paredes de gran altura. A **punta Gaivoteira** ou **Buxeirados** é espectacular de altura, formas das rochas e illote que a prolonga un pouco máis adiante. Entre a punta Gaivoteira e a punta Sualba a costa cambia de dirección, mira ao norte, sen mudar de altura nin de espectacularidade, e na **punta Sualba** onde volve virar para expoñerse aos ventos do oeste ofrécenos unha imponente masa de granito vermello, separada a penas da terra firme, contra a que rompe o mar de fóra. Despois temos o **faro** e a partir del, na cara oeste do cabo, seguimos polo único trazado que nos permite ir preto da beira, o camiño dos Faros. Neste tramo, ademais dos elementos da costa pola que imos camiñando, temos á vista o tramo de litoral ata o Monte Gordo, ao que logo non imos poder achegarnos máis que nun par de puntos e por entre os toxos, as alturas vanse suavizando e imos descubrindo a **illa do Castelo** ou **illa Herbosa**, e saíndonos do camiño para vela de preto, un coído, máis adiante unhas pequenas puntas e, onde a costa volve mudar de dirección, a **punta Laxeira** que protexe o **seo do Boal** que ten no fondo o **coído de Touriñán** sobre o que se asenta o porto. Do porto de Touriñán saímos á estrada e collemos nela o primeiro desvío á dereita e nel, e despois, sempre o primeiro desvío á dereita ata chegar a **Talón** onde tamén pola dereita entre as leiras e o monte seguimos ata a praia de Nemiña. Camiño da **praia de Nemiña**, onde rematan as árbores, hai un desvío á dereita que se achega ao mar e desde alí polos carreiros dos pescadores podemos achegarnos á **punta Peralta** (Cusiñadoiro nos mapas) e á **do Almacén**, desde onde hai unha fermosa panorámica do **seo de Nemiña** e o conxunto da praia antes de baixar a ela. Despois só nos queda percorrer o areal ata a punta da frecha que forman o río Castro e o mar na boca da **ría de Lires**.



Pedra Salzario



Praia de Moreira



Puntas da Praia e Moreira. Pedra Salzario.



Punta da Praia



Punta Moreira



Os Forniños



Os Forniños



Punta Finxil



Punta Finxil



O Careixo. Saco de Touriñán




Cabo Touriñán desde a enseada de Cuño.



**Cabo Touriñán.** Está situado no extremo dunha pequena península granítica. No seu litoral alternan os cantís cos coídos. Ten varias puntas: Buxeirados, ao norte, Sualba ao oeste e Laxeira ao sur.



O Cociñadoiro



Punta Gaivoteira ou Buxeirados






Vista desde a punta de Sualba á punta Gaivoteira



Punta de Sualba. Pedra do Beiñán.  
Punto máis occidental de Galiza e segundo da Europa peninsular (9° 18' 05" O)



Faro de Touriñán



Petón Pequeno. Illa Herbosa ou do Castelo.



O Percebellido




Punta Laxeira



Coído de Touriñán



Porto da Ínsua, Coído de Touriñán e seo do Boal



A Espadueira



Carreiro do Lago



Punta Parede



Coído e punta das Negras



Monte Gordo



Punta da Vela



Punta Peralta



Puntas Peralta e da Vela



Punta do Almacén



As Pinelas. Rego de Nemiña.



Praia de Nemiña. Un areal de 1.460 m de lonxitude. situado no fondo dunha ampla enseada.



**Ría de Lires.** Formada pola confluencia dos ríos Castro e Lires. Máis que unha ría verdadeira é un esteiro bloqueado por unha frecha areosa que impide que se baleire totalmente, formando unha lagoa fangosa na que se acollen e alimentan anátidas e limícolas. A marea chea supera o dique de area e renova a auga do interior.

O río Castro nace no monte Escaleira (Vimianzo) e, despois de 30 km de percorrido, desemboca formando a pequena ría de Lires.

